

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO***ANUNCIO de contratación das obras de humanización da avenida Atlántida.*

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Fomento. Nº de expediente: 5.105-440.

2. Obxecto do contrato: a execución das obras incluídas no proxecto de humanización de beirarrúas da avenida Atlántida.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 6 meses. Prórroga: non procede.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 388.759,46 euros, IVE que soportará a Administración: 81.639,48 euros. Orzamento total: 470.398,94 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: si, por un importe do 5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada teña sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada e fose xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante), teléfono: (986) 81 01 48. Fax: (986) 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocios. Consideraranse con solvencia económica e financeira os licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan



un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou posúan a seguinte clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría 2 e grupo E, subgrupo 1, categoría 1.

b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicarase o importe, as datas e o destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou, posuír a seguinte clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría 2 e grupo E, subgrupo 1, categoría 1.

8. Presentación de ofertas: prazo: rematará aos 26 días seguintes ao da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exigida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de variantes: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura de ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións.

11. Páxina web para obtención de información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Vigo, 21 de decembro de 2017

O alcalde  
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)  
David Regades Fernández  
Concelleiro delegado de Contratación

